

GUIÓN PARA A REUNIÓN INICIAL COAS FAMILIAS

O comezo de curso é un momento interesante para ter unha reunión coas familias dos teus alumnos/as. Pensamos que é moi axeitado que as familias dos rapaces visiten o lugar onde os seus fillos/as van pasar tantas horas nos próximos meses. En definitiva, unha xuntanza deste estilo cubre varias funcións: informar as familias de como vai ser o curso, que tomen contacto co centro e o titor/a, explicar as características do curso e as saídas da etapa (de ser o caso), así como solicitar a colaboración familiar.

1. PREPARACIÓN DA REUNIÓN

A preparación é importante para favorecer a súa eficacia. Como é a primeira reunión, convén coñecer previamente as características do grupo (puntos 2.3 e 2.4 deste documento).

Para organizar a reunión convén ter en conta:

- O obxectivo da reunión: proporcionar ás familias a información necesaria relativa ao curso e ao grupo, explicar as funcións do titor/a e sentar as bases da colaboración titor/a-familia.
- Os materiais: é conveniente ter xa preparadas as fotocopias ou o material que precisemos ou vaia entregarse ou proxectarse (horario do curso, profesorado, modelo de xustificación de faltas, dirección do correo electrónico das tutorías, etc).
- Listaxe do alumnado: se algunha familia non asiste convén establecer unha cita o antes posible.

2. ASPECTOS A TRATAR NO DESENVOLVEMENTO DA REUNIÓN

2.1 Presentación do titor/a.

2.2 Explicación e resumo das funcións do titor/a:

- Levar o seguimento persoalizado de cada alumno/a.
- Levar conta da asistencia, faltas, etc. de cada alumno/a.
- Coordinar o proceso e as xuntas de avaliación.
- Mediar entre o alumnado e o profesorado nas dificultades que poidan xurdir.
- Facilitar a integración e a participación do alumnado no grupo e no centro.
- Informar e colaborar coas familias.
- Orientar o alumnado nas súas posibilidades académicas e profesionais coa colaboración do departamento de Orientación.

É preciso explicar que hai unha hora semanal de atención a familias e que é importante que no caso de que queiran ter unha entrevista con vós avisen con antelación para asegurarse de que estades dispoñibles, así como para permitirvos ter tempo de recopilar información do alumno ou alumna en cuestión.

Explicade tamén que cada profesor/a do grupo ten unha hora semanal de atención a familias. Se queren entrevistarse con algún profesor/a en particular, deben informarnos a vós para establecer a cita.

2.3 Información sobre o curso:

- Materias que se cursan e horarios (xerais).
- Finalidade do curso: promoción/repetición/titulación, recuperación de pendentes. Obrigatoriedade de asistencia, hai que lembralo especialmente no Bacharelato.
- Avaliacións e períodos de recuperación.
- Actividades complementarias: aclarar a obrigatoriedade de asistencia, posibles custos, autorizacións...
- Materiais e/ou roupas das distintas materias, ...
- Cafetería: este curso non dispoñemos deste servizo.

2.4 Información sobre o grupo:

- Grupo: número de alumnos/as, visión xeral do grupo (se a temos), etc.

2.5 Normas de organización, funcionamento e convivencia do centro: NOFC

Podemos remitir as familias ao documento:

- Normas xerais: respecto ás persoas e ás cousas (procedemento do centro ante posibles desperfectos), uso de dispositivos móbiles, prohibición de fumar, traer material de traballo, puntualidade, etc.
- Mecanismo de control de asistencia: parte de faltas, xustificación de faltas, puntualidade, protocolo de absentismo.
- Mecanismo ante as faltas de disciplina: faltas de orde, intervención da xefatura de estudos, da directora, ou da orientadora.
- Información sobre alumnado maior de idade.

3. FINAL DA REUNIÓN

Quizais poida ser oportuno dar unhas mínimas orientacións de como as familias poden axudar os seus fillos/as na casa: facilitar un lugar de traballo, interesarse pola súa evolución, manter unha actitude correcta e positiva ante o rendemento... Indicar que, aínda así, teñen á súa disposición o departamento de Orientación do centro.

Para finalizar a reunión, é recomendable agradecer novamente a asistencia dos presentes e apuntar algúns aspectos nos que a colaboración das familias é imprescindible: cooperar nos hábitos de descanso e traballo dos fillos/as, facer un seguimento das tarefas e non dudar en acudir ao titor/a se a marcha académica do alumno/a non é axeitada e/ou para atopar unha solución conxunta e cordial ás posibles dificultades que poidan xurdir.